

Noticia:<http://www.xornal.com/article.php3?sid=20060609095043>

## Premio para o CESGA polo seu esforzo na relación cos cidadáns

- *O CESGA recibe o premio ComputerWorld 2006 ao impacto no cidadán polo esforzo realizado en mellorar a relación cos cidadáns.*
- *O director xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, Salustiano Mato de la Iglesia, en calidade de presidente do CESGA, foi o encargado de recoller o galardón onte na mañá, nun acto que tivo lugar no Hostal Reis Católicos.*
- *A cerimonia de entrega dos premios coincidiu coa celebración do I Foro de Modernización TIC, no que se presentaron os avances tecnolóxicos máis innovadores que existen na actualidade.*

(viernes 09 de junio de 2006)

**XORNAL** | Santiago .- O director xeral de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, Salustiano Mato de la Iglesia, en calidade de presidente do Centro de Supercomputación de Galicia (CESGA), recolleu onte na mañá o premio do semanario ComputerWorld ao Impacto no Cidadán. O motivo que fixo merecedor ao CESGA deste galardón é o esforzo realizado para mellorar a calidade de vida dos cidadáns a través do I+D+i e de servizos eficaces, flexibles e transparentes. Este premio forma parte dos Premios ComputerWorld á Modernización TIC 2006.

O galardón, concedido polo semanario ComputerWorld, ten como finalidade recoñecer á entidade que máis apostou polo benestar do cidadán, convertíndoo no centro da xestión pública grazas ás Tecnoloxías da Información e das Comunicacións –TIC-. O acto de entrega dos premios ComputerWorld á Modernización TIC 2006 nas súas dúas modalidades –Impacto no Cidadán e Innovación na Administración- tivo lugar esta mañá no Hostal dos Reis Católicos, no marco da celebración do I Foro de Modernización TIC 2006.

**MÁIS DE CEN PROXECTOS DE I+D+I QUE IMPACTARON NA SOCIEDADE.-** O CESGA é un centro de cálculo e comunicacións de altas prestacións, que presta servizos avanzados á Comunidade Científica Galega, ao sistema académico universitario e ao Consello Superior de Investigacións Científicas (CSIC). A súa creación data do ano 1993 e, dende aquela, acometeu máis de cen proxectos de I+D+i que impactaron positivamente na educación, formación, saúde, benestar social e, en xeral, na mellora da calidade de vida dos cidadáns.

O CESGA traballa na consecución de tres obxectivos fundamentais: promover servizos comúns de apoio á investigación, o desenvolvemento e a innovación no ámbito das tecnoloxías da información e das comunicacións en Galicia e na comunidade investigadora do CSIC, promover accións tendentes á innovación e á mellora na prestación de servizos de cálculo intensivo e comunicacións avanzadas e promover proxectos de I+D+i dirixidos á mellora da calidade, dispoñibilidade e accesibilidade dos datos que informan e tecnoloxías que serven de base ás relacións entre: a actividade dos investigadores, a estratexia competitiva dos axentes produtivos, a acción das administracións, a decisión dos poderes executivos, a actividade legislativa e a vida dos cidadáns.

**MELLORAS TANXIBLES PARA DISTINTOS COLECTIVOS DE CIDADÁNS.-** O premio que lle vén de conceder o semanario ComputerWorld valora o esforzo realizado polo CESGA para mellorar a relación coa sociedade. Neste contexto, e dende a súa fundación, o centro participou en proxectos cuxa execución e resultados levan consigo melloras tanxibles para distintos grupos de cidadáns e o seu contorno. Algúns dos grupos de poboación que reciben este impacto positivo como consecuencia directa dalgún proxecto acometido no último ano –ou en fase de execución- por parte do CESGA son os seguintes: os maiores dependentes e os seus coidadores, grazas aos proxectos Discognitivos, Telexerontoloxía e Folstein, que teñen por obxectivo desenvolver sistemas de atención, monitorización, diagnóstico e tratamento remoto de persoas maiores con distintos niveis de dependencia; os discapacitados auditivos, grazas ao Proxecto Ensigna, que persegue o deseño dunha metodoloxía innovadora para a aprendizaxe da lingua de signos empregando as TIC; os lesionados medulares, co proxecto e-Hospital, que ofrece formación continua mediante TIC a


pacientes hospitalizados de longa duración; os pacientes oncolóxicos, co proxecto e-IMRT, de sistemas avanzados de planificación para radioterapia mediante contornos de computación, unha iniciativa deseñada para desenvolver novos sistemas de planificación para o tratamento do cancro empregando cálculo distribuído e interfaces tipo Web que melloran os sistemas convencionais; os axentes de protección civil, co desenvolvemento do Sistema de Información Xeográfica que soporta o Mapa de Riscos de Galicia que utiliza Protección Civil para a preparación de proxectos de contingencia ante posibles eventualidades (nevadas, por exemplo); e as poboacións andinas dependentes economicamente da produción artesanal de derivados lácteos, cos proxectos PIL-Perú e ARTE-Perú, que perseguen mellorar as condicións de vida destas poboacións a través da formación utilizando as TIC en temas fundamentais, como as medidas de hixiene necesarias para garantir a salubridade na produción de derivados lácteos.

Así mesmo, os cidadáns en xeral tamén se benefician do traballo desenvolvido polo CESGA grazas ao seu servizo de soporte á simulación numérica empregado por Meteogalicia –servizo de predicción meteorolóxica-. Por último, hai que subliñar tamén o Proxecto EGEE (Enabling Grids for E-Science), no que participan, ademais do CESGA, máis dun cento de institucións de todo o mundo co obxectivo de crear e manter operativa a rede de cálculo distribuído máis extensa do mundo (hoxe conta con máis de 40 mil procesadores). Esta rede, creada utilizando tecnoloxías Grid, foi utilizada en cálculos relacionados co desenvolvemento de novos fármacos para o tratamento da malaria e a caracterización de distintas cepas do virus responsable da gripe aviar.

**I FORO DE MODERNIZACIÓN TIC.-** Polo que respecta ao I Foro de Modernización TIC, que serviu de marco á cerimonia de entrega de premios, desenvolveuse coa finalidade de dar a coñecer aos asistentes os avances tecnolóxicos máis innovadores que existen na actualidade. No encontro subliñouse o importante papel que desempeña a Administración Pública española non só na adopción de Tecnoloxías da Información dentro da súa propia estrutura, senón tamén como motor da súa implantación entre os cidadáns. E fíxose fincapé, así mesmo, en como o desenvolvemento de proxectos pioneiros que utilizaron a tecnoloxía para incrementar a súa eficiencia lle permitiron á Administración posicionarse como a punta de lanza para a implantación e o desenvolvemento da Sociedade da Información, servindo de exemplo para o resto dos segmentos económicos do país.



© Xornal Galinet S.A. Xornal se edita en A Coruña (España,UE). Ronda de Outeiro, nº421, 1ºB, A Coruña, 15011. Teléfono: (34) 981 91 55 50. Fax: (34) 981 91 55 70. Redacción: [redaccion@xornal.es](mailto:redaccion@xornal.es). Publicidad: [comercial@xornal.es](mailto:comercial@xornal.es)

Puesto del Top 100 gallego. Publicación digital controlada por  Alexa